

## **AS TRABALLADORAS E OS TRABALLADORES DICIMOS: BASTA DE XENOCIDIO CONTRA O POBO PALESTINO!**

O Estado de Palestina e especialmente a poboación de Gaza está a ser vítima dun xenocidio, crimes de guerra e de lesa humanidade, deportacións masivas e destrución das súas vivendas e infraestruturas. As e os traballadores estamos a vivir en tempo real un dos episodios máis vergoñosos da nosa historia recente: a aniquilación dun país irmán alén do Mediterráneo.

A fame está a ser utilizada como arma, condenando a unha morte segura a decenas de miles de persoas, na súa maioría nenas e nenos e estase negando o acceso á axuda humanitaria, o que constitúe crimes de guerra.

A clase traballadora palestina é quen máis está a sufrir as consecuencias do massacre. Traballadoras e traballadores de todos os sectores están a ser asasinados, tamén persoal sanitario e de ONG e xornalistas, cuxo único delito foi tentar dar a coñecer a magnitude dos crimes que o goberno ultradereitista de Israel está a levar a cabo en Gaza.

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) e Comisións Obreiras (CCOO), condenamos a política de xenocidio, de colonización ilegal de territorios na Franxa de Gaza e en Cisjordania e a usurpación de bens palestinos de Israel, e ante a aparente indiferenza da comunidade internacional, esiximos:

- O cesamento do fogo permanente.
- A suspensión completa e posterior revisión do Acordo de Asociación Unión Europea- Israel.
- Medidas contra as empresas que se lucran do asasinato sistemático dun pobo.
- Prohibición efectiva do comercio de armas con Israel.
- A condena da política xenocida do goberno israelí por parte de todas as administracións do Estado, sexan locais, autonómicas ou estatais, e a urxente posta en marcha de plans de cooperación para Palestina.
- Que se asegure a axuda humanitaria.
- E asegúrese a seguridade a bordo da Flotilla humanitaria Global Sumud.

UGT e CCOO convocamos unha xornada de loita e paro laboral o **vindeiro mércores, 15 de outubro**, en todos os centros de traballo privados e públicos do territorio, con accións que dean visibilidade á nosa solidariedade con Palestina nas empresas durante as dúas horas centrais de cada quenda de traballo, coa cobertura legal necesaria.

**ÚNETE Á XORNADA DE LOITA PARA QUE O XENOCIDIO ACABE!!!**

**POR PALESTINA. POLAS SÚAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES!!!**



# **STOP XENOCIDIO**

